

Santalices anima a intensificar a relación con Portugal e reivindica o potencial da lusofonía

- **O presidente do Parlamento de Galicia participa en Plasencia (Cáceres) nunha reunión da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET) que convidou aos parlamentos autonómicos a constituír un foro a través do que canalizar propostas para a axenda do Cumio Ibérico**
- **O titular do Legislativo autonómico recorda que Galicia é pioneira en materia de cooperación transfronteiriza con Portugal**

Santiago, 13 de xullo de 2017.- O presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices Vieira, participa esta mañá en Plasencia (Cáceres) nunha reunión da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas (RIET) e dos titulares das Cámaras Lexislativas das catro comunidades limítrofes con Portugal, na que se propuxo a creación dun foro que canalice e traslade propostas dos parlamentos susceptibles de ser incorporadas á axenda do Cumio Ibérico.

A proposta xurdiu da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas para enriquecer as relacións bilaterais entre os dous países.

Elementos comúns con Portugal

Ao inicio da reunión, e en declaracións aos xornalistas, o presidente do Parlamento de Galicia valorou a convocatoria desta reunión que, para os galegos, “resulta especialmente gratificante na medida en que compartimos con Portugal infinidade de elementos comúns: xeográficos, históricos, culturais e lingüísticos”. “Veño encantado”, dixo, porque “Galicia comparte todo con Portugal; nós, practicamente, non temos fronteira con Portugal”.

Vínculos coa lusofonía

Nesta liña Santalices Vieira recordou os vínculos de Galicia coa lusofonía. Fixo referencia, neste sentido, á Lei, de iniciativa popular, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, “que nos anima e obriga a intensificar estas relacións”. De feito, o Parlamento de Galicia está a impulsar diferentes proxectos de intercambio e promoción cultural coa Asemblea dos Azores, iniciativas que mesmo teñen recibido un recoñecemento europeo polo enfoque novidoso das mesmas.

Ao tempo, Santalices Vieira subliñou que Galicia é pioneira e lidera a posta en marcha de diferentes iniciativas de cooperación transfronteiriza co Norte de Portugal, como as impulsadas en materia de sanidade ou de comunicacións terrestres, entre outras. Tamén avogou pola mellora da conexión ferroviaria entre Galicia e Portugal.

Propostas construtivas

O presidente do Parlamento de Galicia avanzou a súa intención de convidar ao resto dos participantes a elaborar un plan de traballo realista e axustado ao ordenamento xurídico para efectuar propostas construtivas que resulten útiles para o Cumio Hispano Luso e para as sociedades española e portuguesa.

O feito de que esta primeira reunión se celebre en Plasencia obedece a que o alcalde desa localidade exerce a vicepresidencia da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas. Participaron na xuntanza de hoxe os presidentes dos parlamentos de Galicia, de Extremadura, de Andalucía e de Castela e León, así como integrantes da Rede Ibérica de Entidades Transfronteirizas, entre eles o secretario xeral do Eixo Atlántico, Xoán Vazquez Mao, e presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra e de CECOTRAN (Centro de Desenvolvemento, Cooperación e Servizos Empresariais Transfronterizos, Jorge Cebreiros, que actuou como presidente accidental da RIET en ausencia do titular.



Ao inicio da reunión, os participantes na mesma gardaron un minuto de silencio en memoria de Miguel Ángel Blanco e de todas as vítimas do terrorismo

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.